

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



TEMPORADA
2024 - 2025
AUDITORIO DE GALICIA

ECOS, SINFÓNICOS

XOVES 10 OUTUBRO 2024

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Sebastian Zinca, director

CONVERSANDO CON... Sebastian Zinca

Sala Mozart, 19.45 h



PROGRAMA

I

EDUARDO SOUTULLO (1968)

All the echoes listen

RALPH VAUGHAN WILLIAMS (1872-1958)

Fantasia sobre un tema
de Thomas Tallis

II

JEAN SIBELIUS (1865-1957)

Sinfonía núm. 4 en la menor,
op. 63

*I. Tempo molto moderato,
quasi adagio*

II. Allegro molto vivace

III. Il tempo largo

IV. Allegro

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA 2024 - 2025

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico; Sebastian Zinca o seu director asistente e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Sebastian Zinca

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Anca Smeu **
Ilya Fisher
Anna Alexandrova
Yulia Petrushevskaya
Ildiko Oltai
Daniel Kordubaylo
Michal Ryzcel
Victoria Jurrov
Yiran Niu ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Enrique Roca
Gyula Vadaszi

Helena Sengelow
Elina Viksne
Irina Gruia
Kiyoko Ohashi
Pedro Budiño ***

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Timur Sadykov
Iriana Fernández
Anne Schlossmacher
Oxana Bakulina
Inês Fernando ***
Xiana Baliñas ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska
Carlos García
Millán Abeledo
Manuel Lorenzo
Alexander Alexandrov ***
Esther Fernández ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo
Irene Sancho ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Duarte Rodrigues ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Belén Carril (R)

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Alfredo Varela
Roi Guzmán ***

TROMPETAS

Ramón Llátser **
Pablo Martínez (R)

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
Juan Luis Novo (R)
Brais Molina (R)

TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Sergio Sanchís (R)

SEBASTIAN ZINCA

DIRECTOR

Sebastian Zinca é o director asistente da Real Filharmonía de Galicia durante o ano 2024, no que traballa en estreita colaboración co director titular Baldur Brönnimann.

Recentemente, tras a súa participación na Academia do Festival de Lucerna no verán de 2023, foi convidado de novo a dirixir un obradoiro e un concerto coa Orquestra da Academia nos veráns de 2024 e 2025. Recibiu tamén a medalla de prata no Terceiro Concurso Internacional de Dirección Antal Doráti en Budapest, e a bolsa Joan W. Harris no Festival de Música de Aspen. Como director asistente traballou con Mark Wigglesworth no Teatro Real de Madrid na produción de Barrie Kosky de *O Nariz de Shostakovich*, e con Nicholas Collon e a Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa.

Especialmente apaixonado pola ópera, Zinca dirixiu producións de *Suor Angelica de Puccini*, *L'Amico Fritz* de Mascagni, *O Diario de Ana Frank* de Frid e *Alcina* de Haendel, esta última interpretada con instrumentos

de época. En 2022 foi un dos catro directores mozos de todo o mundo elixidos para dirixir un acto da *Bohème* en concerto coa Orquestra Filarmónica de Gran Canaria, e na Academia Europea de Música de Teplice recibiu o Premio do Presidente polo seu traballo en *Così fan tutte*.

Ademais, dirixiu a Orquestra da Ópera Cómica de Berlín, a Academia de Cámara de Potsdam, a Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa, a Filharmonía de Helsinki, a Tapiola Sinfonietta de Espoo (Finlandia), a PKF - Filharmonía de Praga, o Teatro Estatal de Cottbus, a Sinfónica de Lahti, a Filharmonía de Magdeburg, a Orquestra Sinfónica de Oulu e a Orquestra de Cámara de Ostrobotnia.

A Zinca gústalle atopar formas creativas de presentar a música clásica ao público. Mentres vivía en Nova York, reuniu unha orquestra de estudantes e antigos alumnos de Juilliard e Yale. O concerto final da orquestra incluíu varias estreas mundiais, unha colaboración co mozo vir-

tuo do jazz Vuyo Sotashe, unha sinfonía de Mendelssohn, e culminou cunha interpretación a grande escala do himno do movemento polos dereitos civís *We Shall Overcome*, arranxada por Zinca para orquestra, cantante, trobador e coro de todo o público. Ademais, mentres vivía en Helsinki, Zinca organizou un popular evento mensual de micrófono aberto que incluía actuacións de música clásica entre as doutros moitos xéneros, e durante a súa estancia no Festival de Lucerna organizou unha actuación ao aire libre da *Sinfonía núm. 40* de Mozart con estudantes da Academia do Festival.

Zinca completou os estudos de dirección na Academia Sibelius como alumno de Sakari Oramo, así como un curso de estudos avanzados na Universidade das Artes de Berlín como alumno de Harry Curtis. Na Academia Sibelius recibiu clases adicionais de Jorma Panula, Johannes Schlaefli, Nicolás Pasquet, Susanna Mälkki, Hannu Lintu e Péter Eötvös.

Zinca é natural de Miami (Florida) e fillo de pai romanés e nai peruana. Antes de dirixir, estudou contrabaixo na Juilliard School. Como músico de orquestra actuou con varios dos principais mestres do mundo no Carnegie Hall, o Suntory Hall, o Royal Albert Hall, o Conservatorio

de Moscova e o Teatro Mariinsky. En 2017 interpretou un programa de música conmemorativa do Holocausto en Auschwitz e ademais ofreceu máis de 40 concertos en hospitais, residencias de anciáns e refuxios para persoas sen fogar.

NOTAS AO PROGRAMA

ECOS SINFÓNICOS

O concerto desta noite leva por título *Ecos sinfónicos* e nel teremos ocasión de escoitar obras de Eduardo Soutullo, Ralph Vaughan Williams e Jean Sibelius.

A primeira peza que conforma o programa é *All the echoes listen* de Eduardo Soutullo (1968), recentemente galardoado co Premio Nacional de Música (2023) polo “unánime recoñecemento internacional da súa música, especialmente a súa produción orquestral destacando a estrea en San Petersburgo da súa cantata contra a guerra *O lamento dos xirasoles*”. Soutullo iniciou os estudos musicais na súa cidade natal, Vigo, para continualos en Madrid e posteriormente en París, onde se formou con Isabelle Duha. Algúns dos seus mestres no eido da composición foron: David del Puerto, Jesús Rueda, José Luis de Delás Franco (Köln Conservatory), Richard Steinitz (Universidade de Huddersfield), Cristobal Halffter e Tomás Marco. O compositor é doutor en música pola Universidade de Vigo cunha tese titulada *La obra musical de David del Puerto, una postura estética de la postvan-*

guardia. Traballou como profesor en distintos conservatorios galegos como Vigo, Ourense, Santiago e tamén na Academia Española en Roma; ademais é autor de varias novelas e documentais. Dentro da súa produción musical destacan a ópera *Romance de lobos*; traballos orquestrais como *But in vain*, *They Hear no Answering Strain* ou *Alén*; os concertos para piano *That scream called silence* e *The other face of the wind*, para clarinete e orquestra; *Aut Caesar, aut nihil* para coro mixto; ou *Cantigas de Martín Codax* para soprano e piano, por citar só algunhas.

All the echoes listen foi composta en 2005 e ganou o primeiro premio na XIII edición do Concurso Internacional de Composición Ciutat de Tarragona. A obra estreouse ao ano seguinte no marco do Festival de Verano de Tarragona a cargo da Orquestra Simfónica de Barcelona dirixida por Virginia Martínez. No 2009 foi seleccionada para representar a España nos World Music Days e posteriormente foi interpretada por distintas orquestras do panorama nacional e internacional. *All the echoes listen*

é a primeira peza dunha triloxía orquestral da que tamén forman parte *But in vain* –encargada e estreada pola RFG– e *They hear no answering strain*, encargo da OSG. Todas elas están inspiradas en tres versos do poema *Even Song* de Oliver Wendell Holmes (1809-1894), médico, poeta e humorista norteamericano. Estilisticamente podemos enmarcala na liña do *spectralismo* francés que liderou Gerard Grisey e que considera o son como un ente vivo que nace, crece e morre, aínda que o autor tamén recoñece a influencia doutros músicos como Takemitsu ou Oliver Messiaen. Soutullo explica que “intentou levar a cabo algo que interesou a numerosos compositores dende a Antigüidade, como é recrear o fenómeno do eco por medio da música”, recordando os “intentos” nesta mesma liña de distintos mestres como Sweelinck, Gabrieli ou Banchieri. Outras características que atoparemos neste interesante traballo son un uso moi persoal do timbre e o emprego de escalas modais que toma prestadas da música étnica e que sitúan a esta obra dentro dun universo neomodal. Existen dúas versións de *All the echoes listen*, unha para orquestra grande e outra, a que hoxe escoitaremos, para orquestra clásica.

Seguidamente, trasladarémonos a Inglaterra da man de Ralph Vaughan Williams e a súa *Fantasia sobre un tema de Thomas Tallis*, a obra máis coñecida e celebrada do seu catálogo. Vaughan Williams (1872-1958) está considerado, xunto a Gustav Holst, o líder da nova escola inglesa e renovador da música do seu país despoñéndose de influencias estranxeiras. Formouse en Londres e posteriormente en Berlín con Max Bruch e en París con Maurice Ravel, onde profundaría nos seus coñecementos de orquestración. As principais influencias do seu estilo son as cancións populares e a música inglesa dos séculos XVI e XVII. Fixo importantes recollidas de música popular xunto ao seu amigo e compañeiro Cecil Sharp, membro da Folk Song Society, e ao longo da súa carreira escribiu tanto música culta como práctica ou utilitaria empregando elementos dunha na outra. Os seus vínculos co mundo musical *amateur* fixeron que as súas composicións fosen moito menos “esotéricas” e distantes do público que outras correntes coetáneas. No campo da música culta cultivou case todos os xéneros, destacando obras como as óperas *Riders to the Sea* (1931) e *The Pilgrim’s Progress* (1951), a *Misa en Sol m*, o oratorio *Sancta Civitas*, a cantata *Five Tudor Portraits* e diversa música de cámara como dous cuartetos de corda e unha sonata para piano e violín.

A *Fantasia sobre un tema de Thomas Tallis* foi composta en 1910, nun momento no que o compositor xa era un autor consolidado en Gran Bretaña e Europa. A obra foi encargada polo prestixioso Festival dos Tres coros de Gloucester e estreouse o 6 de setembro de 1910 na catedral desa cidade da man da Orquestra Sinfónica de Londres co propio Vaughan Williams como director. Presenta unha orquestración moi innovadora, xa que foi escrita para cuarteto de corda solista e dúas orquestras de corda, unha delas formada por só nove músicos. O compositor empregou a terceira das nove melodías que Thomas Tallis –o compositor inglés máis importante de música sacra do século XVI– escribira en 1567 para o salterio métrico (unha especie de tradución de fragmentos da Biblia en verso e lingua vernácula destinados a ser cantados) do arcebispo Matthew Parker. A obra de Williams emprega esta melodía expoñéndoa de maneira íntegra, mantendo a escritura orixinal a nove voces e logo desenvolvendo motivos a partir dela conformando unha fantasía libre dividida en distintas seccións. Estrutúrase da seguinte maneira: introdución, tema orixinal de Tallis dúas veces, episodios (trátase de 3 variacións sobre fragmentos da melodía), breve recapitulación do tema orixinal e finalmente, unha coda. A *Fantasia* transmítenos

unha sonoridade catedralicia e destacan os efectos de eco, o emprego de escalas modais (estas dúas características conéctana coa primeira obra do programa), os movementos por terceiras paralelas –moi típicos na música popular– e o emprego de prácticas antifonais, é dicir alternancia entre os distintos grupos instrumentais.

Pecha o programa a *Sinfonía núm. 4 en La m, op. 63* de Jean Sibelius (1865, Tavasteus –Finlandia–, 1957, Järvenpää). Inicialmente, o compositor e violinista dirixiu os seus esforzos cara ao dereito, pero logo decidiuse pola música formándose no Instituto de Música de Helsinki e posteriormente en Berlín e Viena. Na década de 1890 consolidou a súa fama e dende 1897 foi apoiado polo goberno de Finlandia como artista nacional ata a súa morte coa asignación dunha pensión vitalicia. Moito cedo converteuse no líder da Escola Nacional Finlandesa marcando o camiño para unha tradición culta propia despoxada das influencias da tradición xermana (ao igual que Williams) e nun momento un tanto turbulento na historia do país –Finlandia formaba parte do Imperio Ruso dende 1809 ata que acadou a súa independencia en 1917, e estaba dominada culturalmente por Suecia–. A partir de 1900, Sibelius deuse a coñecer ao público inter-

nacional e na súa produción destacan os poemas sinfónicos: *Kullervo*, *En saga*, *O cisne de Tuonela*, *O regreso de Lemminkäinen*; sete sinfonías e o *Concerto para violín*. O compositor foi distanciándose pouco a pouco da tradición académica na que se formou e considerábase a si mesmo moderno por este feito, mentres outros moitos pensaron que o seu estilo era conservador.

A *Sinfonía núm. 4* en *La m* foi composta entre 1910 (o mesmo ano que a *Fantasia sobre un tema de Thomas Tallis*) e 1911 e o propio compositor concibiuna como “unha reacción contra as tendencias modernas”—referíndose aos Ballets Rusos ou ás óperas de Richard Strauss—*Elektra* e *Salomé*— que tachou de “alboroto”. Está dedicada ao seu cuñado, o pintor Eero Järnefelt e é a sinfonía máis singular das sete que escribiu, marcando o inicio dun período existencialista e escuro na súa produción. Moitos estudosos da súa figura sinalan que as circunstancias persoais seguramente tiveron algo que ver neste cambio estético, xa que foi diagnosticado dun cancro de garganta e caeu nunha grave depresión neses mesmos anos. A obra estreouse o 3 de abril de 1911 en Helsinki coa Orquestra da Sociedade Filharmónica de Finlandia dirixida polo propio Sibelius e tivo unha mala

acolliada. A esposa do compositor, Aino Sibelius, sinalou o seguinte co motivo do día da estrea: “a xente evitaba a nosa mirada, sacudía as cabezas, os seus sorrisos eran vergoñosos, furtivos e irónicos. Moi pouca xente veu ao camerino para render os seus respectos”. A obra causou distintas reaccións nas sucesivas interpretacións, dende o desconcerto en Finlandia, ao entusiasmo inglés e a negativa a interpretala por parte da Filharmónica de Viena ata mediados do século XX. A sinfonía explora os límites do sistema tonal (bitonalidade, disonancias, escalas modais, harmonía cromática) e emprega unha orquestración moi particular, na que escoitaremos pequenas agrupacións camerísticas ao longo da obra e solos destacados nas cordas. Consta de catro movementos que parten de esquemas máis ou menos clásicos tratados cunha gran liberdade. O primeiro, *Tempo molto moderato*, *quasi adagio* iníciase cun xiro melódico que ten implícito o intervalo de tritono, coñecido antigamente como *diabulus in musica* e xogará un papel estrutural en toda a obra. O movemento responde a unha forma sonata con Exposición Desenvolvemento e Recapitulación. Na exposición os dous temas son complexos, xa que están formados por distintas ideas, destacando no primeiro un fermoso solo de violonchelo. A recapitu-

lación é parcial, iniciándose directamente co segundo dos temas. A continuación, *Allegro molto vivace* consiste nun *Scherzo* coas tres partes características: *scherzo* (con dúas ideas principais, a primeira, unha especie de queixa no óboe, e a segunda, na que escoitaremos de novo o intervalo do tritono); trío e un breve recordo do *scherzo* inicial, rematando de forma brusca. O terceiro movemento *Il tempo largo* ten ausencia de esquema formal definido. Presenta un primeiro tema nas frautas que se vai elaborando progresivamente seguindo procedementos que os analistas denominan forma rotacional e xénese teleolóxica, e que dan lugar a unha especie de rapsodia, é dicir unha forma libre. O *Finale (Allegro)* é un rondó no que un tema principal aparece en reiteradas ocasións. Este tema predominante emprega catro notas características no *glockenspiel*. O máis destacado deste movemento é a presenza do tritono, os solos da corda e o uso da bitonalidade, é dicir dúas tonalidades que funcionan á vez.

Desfrutemos pois destes *Ecos sinfónicos* con tres autores que non se conformaron cun emprego “convencional” da linguaxe musical e exploraron de distintas maneiras co son e a orquestra, recorrendo a universos distintos no

tempo e marcando, nalgúns casos, novos camiños para a tradición dos seus países de orixe.

Carme Tubío Barreira

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026
ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

TWITTER

@CCultura

TIKTOK

@realfilharmoniadegalicia

PRÓXIMO CONCERTO
NOVAS VOCES GALEGAS

XOVES 31 OUTUBRO

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Diego Martin-Etxebarria, director

Emilia Pérez, soprano

Lucía Iglesias, soprano

Lucas López López, barítono

- Wolfgang Amadeus Mozart: As vodas de Fígaro (Abertura e extractos)
- Gioachino Rossini: O barbeiro de Sevilla (Abertura e extractos)
- Domenico Cimarosa: O matrimonio secreto (Abertura e extractos)
- Johann Strauss: O morcego (Abertura e extractos)

